

Carta de Berlín

Kreuzberg / O Calvario

XAVIER QUEIPO

Fotografías: Cé Tomé

Cando se emprende unha viaxe, coa mente aberta ás sensacións, un nunca sabe moi ben que vai acontecer. Aínda menos pode anticipar cal vai ser o pouso que esa viaxe vai deixar. Desistan pois da lectura os que consideren que lles vou relatar algo exótico relacionado co que vin ou non vin, coas particularidades da viaxe en si ou con anécdotas íntimas. Vou falar dunha decisión improvisada e do abraio do inesperado, dos sentimentos pasados e de como descubrín un recuncho do mundo onde souben, con certeza, que ben podería ser feliz. En Berlín hai outros barrios se cadra máis famosos, seino, mais sei tamén que o barrio de Kreuzberg deixou pegada e fixo acordar sentimentos agochados pola rutina esmagadora do traballo e a residencia case permanente nun mesmo lugar. A aventura, sen selo en senso estrito, constituíu un paso adiante e unha reflexión sobre o transcorrer do tempo (do meu tempo).

Unha partida inesperada

Levaba ben de anos querendo visitar Berlín, logo daquela vez, no xa afastado 1989, cando uns colegas de escritorio me convidaran a unha excursión, que por razóns de axenda, tiven que rexeitar. Naquela ocasión caeu o muro de Berlín e eles, os meus compañeiros, sentaron a cabalo do muro, cunha perna en cadanseu Berlín, o do Leste e o do Oeste. Unha vez máis non estiven no momento xusto no lugar indicado, circunstancia que estatisticamente é a máis frecuente e, emporiso, non debería xerar frustración.

En abril de 2009 tiñamos pensado ir visitar uns amigos en Dublín, mais en chegando á esta-



Arte na rúa: papel sobre prancha de ferro

ción do Midi, en Bruxelas, no día 10 de abril, comprobamos atónitos as dificultades para obter billete de tren combinado co transporte marítimo. Logo de dubidar un instante —só un— chamamos os nosos amigos irlandeses para adiar a visita e mercamos os billetes de tren rumbo a Berlín, para partir no día a seguir, o 11 de abril. Así, sen premeditación nin aleivosía, sen reservas de hotel nin farrapo de gaita. Polo acaso, Berlín ficaba a sete horas de tren en troques das 14 que nos levaría viaxar de Bruxelas a Londres, de Londres a Hollyhead, para xa logo atravesar por barco até Dan Laghoire, e dende alí dar coa casa dos nosos amigos nun arrabalde de Dublín.

O tempo daríanos a razón na escolla, que resultou magnífica.

Antes de deixar Bruxelas, un contacto por internet fixo que contratásemos un aloxamento a prezo bastante razoábel. O propietario, un inmigrado de orixe italiana, propúxonos un apartamento no barrio de Kreuzberg, que para nós aínda non significaba nada, senón un nome coma calquera outro. Unhas poucas indicacións de como chegar a partir da estación de arribada, mudando dúas veces de liña de metro, e xa todo arranxado, con ese automatismo e esa rapidez que dan os contactos pola rede. Saímos armados de boa vontade e sen ter en mente idea certa de onde iamos dar (se cadra o paradigma da viaxe de descuberta).

Un barrio perfecto e moitas lembranzas de arte na rúa

Chegamos pola tarde. Cansos da viaxe —houbo que facer escala en Köln— e xa deseguida, o apartamento —un dúas pezas nun edificio de voca-

ción socialista— pareceunos un oasis onde descansar logo das moitas horas en caravana de camelos (o tren, que outra cousa é?). Logo da transacción económica co caseiro e unhas cantas indicacións sumarias de lugares a onde ir (incluído un plano algo manido, gardando aínda o recendo a república socialista) arraxamos as nosas cousas. Despois dunha ducha dispuxémonos a facer o primeiro paseo exploratorio. As tendas estaban abertas até ben entrada a noite, de xeito que non foi difícil mercar uns zumes e algunha froita para o almorzo, que deseguida gardamos nunha fresqueira de vocación milenaria.

Logo foi o pasear como os sen rumbo, como asasinados de compases, deixando marcas na memoria para atopar o camiño de regreso, impregnándose de sons e de recendos, imaxinando o que quere dicir aquela indicación en alemán ou aquela outra, por puro hábito escrutador e método desenvolvido nas dificultades (cando a lingua non é coñecida).

En Kreuzberg é difícil atopar unha fachada ou unha música que non teña marcadas as trazas do paso dos punkies ou dos grafiteiros, da xente máis radical de dúas épocas que aquí viven en coexistencia sincrónica. Non hai semáforo, nin poste de electricidade, caneiro de desaguamento ou limiar de edificio de apartamentos que non albergue capas e capas de autocolantes, coma se dun mil-follas se tratase. Arte de rúa, que se di, e que alí se traduce nunha morea de pegatinas, algunhas con reivindicacións políticas (“Kapitalismus abschaffen”, “Willkommen im Chaotenbezirk”, “Racism is bullshit”, “Smash Capitalism”, “Antifaschistische Linke Berlin”, “A.C.A.B.”¹), filosofía de rúa, algo críptica (“Geometry makes us infinite”, “Strane dizione”, “Have you ever squatted an airport?”, “Still attracted to my beautiful depression”), auto-promocionais (anunciando páxinas na rede, colectivos ou eventos artísticos, festas, bares ou simplemente persoas), ecoloxistas (“Nuclear nein Dank U”, “Keine neue Autobahn²”), deseños icónicos e inúmeros “tags” ou sinaturas particulares. Poderíase dicir que hai pegadas do paso de todas as ideoloxías, mais se cadra as máis numerosas sexan as antifascistas, as antihomofóbicas e as antirracistas, sen falar daquelas máis radicais que están contra o sistema capitalista en xeral (sen indicar unha causa específica). Ideoloxías todas elas coas súas miserias e grandezas, coas súas contradicións e a marabilla que supón a súa renovación.

Tardei varios días en decatarme de que Kreuzberg non significa outra cousa que “a montaña da cruz”, ou sexa, “O Calvario” e daquela a proximidade foi maior, pois compareino de inmediato con ese benquerido barrio de Vigo que atraveso regularmente a pé, cando levado polo ímpeto da

En Kreuzberg é difícil atopar unha fachada ou unha música que non teña marcadas as trazas do paso dos punkies ou dos grafiteiros



Pintada no barrio de Kreuzberg



Entrada a un predio ocupado

1. Nunha tradución pouco canónica: “Abolición do capitalismo”, “Benvidas as bandas de matóns”, “O racismo é unha merda”, “Esmagar o capitalismo”, “Esquerda antifascista de Berlín”, e A(l)l C(ops) A(re) B(astards), ou sexa, “Todos os policías son uns fillos de puta”.
2. Non máis autoestradas!

marcha, trazo a liña entre a linde Lavadores, onde vivo por temporadas, e o centro da cidade. As similitudes van máis alá da coincidencia do topónimo, pois é barrio popular onde se dá mestura de etnias e tendencias.

Sorprendeume o económico que resultaba comer fóra da casa ou saír pola noite a beber algo e escoitar música. Os restaurantes populares son ben máis baratos que no seu barrio homónimo de Vigo, para non falar dos locais nocturnos, máis acolledores, cosmopolitas, descontráidos e, o que é para min determinante para entrar nun local, sen “genetically modified bouncers³”, gardando as portas a xeito de cans cérberos. A tranquilidade da xente pola rúa (mesmo ás horas máis extremas do día), o tráfico fluído, con abundancia de bicicletas e escaseza de automóbiles, os espazos abertos e, en xeral, a sensación de que se trata dun barrio feito á medida das persoas que nel habitan, unha mestura alquímica de inmigrantes (maioritariamente turcos), artistas potenciais, aspirantes a filósofos, estudantes de arte ou linguas esmorecentes, obreiros, colectivos reivindicativos e algún que outro acabado de chegar ou perdido que non sabe aínda canto tempo vai ficar e, que se cadra, se vai perder por aquelas rúas para sempre xamais⁴.

No barrio atopamos un café ideal para escribir, o Bierhimmel, onde soa música de jazz, e un lugar ideal para escoitar música, o Luzia, onde se mesturan as máis variadas especies (rapazolos difusos de ollada acuosa, mulleres feitas, homes barbudos e artistas emerxentes, patróns de negocios fraudulentos, escritores de poemas virtuais e loitadores de ideoloxía variábel, xudeus radicais e surrealistas rescatados das cloacas, punkies de manual e pensadores fractais...), sen contar os cafés para uns almorzos deliciosos con biscoitos de cenoura de fabricación caseira, como o Kara (ideal para o visitar nas horas de mediodía) ou restaurantes como o Kim-Qui ou o Samira, todos eles na Oranienstrasse, arteria nutricia de Kreuzberg. En resumo, un laboratorio onde circulaban as ideas, un lugar para pensar en liberdade e vivir con menos cartos que en Vigo.

Safaris fotográficos

Non vou facer relación de monumentos que poderán atopar retratados en calquera guía de peto ou nas imaxes que se poden encontrar na rede, fonte habitual de consultas e recreacións da realidade. Simplemente indicar que os máis dos días non fixemos outra cousa de mérito que camiñar e ver, que fotografar e anotar, cadanseu coa técnica que máis lle presta. Non visitamos museos, non pasamos por baixo da Porta de Brandenburg, nin fixemos unha foto en Check-point Charlie (onde se arremuiñaban os turistas —co-

ma nós, que tamén o eramos— para se retratar entre dous figurantes vestidos de soldados), nin en Alexanderplatz, por certo un lugar anódino sen ningún interese (nin arquitectónico nin doutro tipo). Tampouco mercamos un anaco do muro —nin verdadeiro nin falso— nin trouxemos unha desas camisetas horribéis modelo “I love Berlín” ou daqueloutras co deseño dun oso camiñando a dúas patas. Cadaquén coas súas teimas en asuntos de mercar ou non mercar.

Fixemos varios safaris fotográficos, nos barrios de Kreuzberg (o dos turcos, os obreiros e os “alternativos”), de Mite (que é onde se amorean turistas e explotadores de turistas de todo tipo) e de Schöneberg (onde se encontran os que entenden Berlín como un paraíso homosexual, sección “xente fina”, por certo). Dos tres barrios sen dúbida foi Kreuzberg o que deixou máis pegada, pois os outros (por moitos monumentos que tivesen) poderían estar en calquera outra cidade do mundo e serían iguais a si mesmos.

Un haiku nunha parede e un caderno de peto

Unha maña de domingo, lembrando o título dun conto do escritor “tripeiro”⁵ Manuel Jorge Marmelo (“O profundo silencio das manhas de domingo”⁶), e nesa hora fría de cidade acordando, chea de ruídos mínimos e saudosos, pensei en deixar pegada naquelas paredes de Kreuzberg e deseñei unha medusa, animal que adoito integrar na miña sinatura. Xa logo pensei anotar o instante conxelado no meu caderno. Levaba séculos (case unha década) sen escribir un haiku e o poema caligráfico que deixei rexistrado nun balado de Kreuzberg non foi ningunha marabilla de improvisación, seino, mais mal que ben cumpriu a súa función de deixar pegada galega nun barrio que adorei. Foi o 15 de abril e dicía así: “Nunha parede / as marcas do destino/ é primavera”. A poesía é se cadra emoción rimada e eu estaba emocionado por todo aquilo que vira naqueles días de observación atenta. A emoción viña dada polo contexto, polo que había debuxado naquela parede, polas mensaxes que alí se acumulaban e de aí a referencia a “as marcas do destino”. Primavera, por suposto, non no sentido estrito (mesmo que o fose) senón no sentido, digamos maoísta, de apertura das cen mil flores que agromaban ao noso paso. O tráfico de ideas, a multiplicidade de mensaxes, a enxurrada de emocións e sentimentos. Todo iso. As cen mil flores.

Despedida

Todas estas reflexións aquí apuntadas e outras moitas, que gardo para min na caixa dos tesouros, foron recollidas nun caderno de peto profu-



Caderno de Kreuzberg

samente adobiado con adhesivos contendo mensaxes políticas ou simplemente estéticas, que seleccionei un pouco ao chou, dependendo moito da facilidade de arrincalos do seu soporte. Van exemplos escaneados dun par de páxinas, para que vexan de que lles estou a falar.

Foi difícil deixar Berlín, que sen ser cidade marabillosa, é cidade que presta para vivir unha temporada, para estar de residente unha estación ou un ano enteiro, sentindo o engado de cen mil flores agromando nunha primavera de ideas. De regreso, levabamos alforxas cheas de fotografías e lembranzas, de ideas e de sensacións, que outra cousa non se pide a unha viaxe que ten de servir para explorar fragmentos de un mesmo. Foi máis difícil aínda deixar Kreuzberg, onde me sentín rexuvenecido e optimista, libre de pensar e facer, arrodeado de mentes fantásticas.

Se cadra estas percepcións teñen moito que ver co momento en que un visita un lugar, o que deixou atrás e o que lle espera no retorno. Talvez, o nivel de abraio sería menor se na rutina casa-traballo que ocupa os máis dos meus días viaxase coa mente máis aberta ás sensacións, mais eu percibín esta imaxe como paréntese entre dúas situacións de estrés e coido que cumpriu á satisfacción a súa función de terapia, estética e tamén ética.

No tren de regreso rematei a lectura de *Tokio Blues: Norwegian Wood*. Xa me ten acontecido

outras veces con Murakami, que logo de rematar un libro quedo como baleiro, como desposuído de sensacións, sentíndome na orfandade que se materializa ao rematar a lectura dun libro singular. Neste caso non sei se anotalo na conta de Murakami ou da viaxe. Se cadra hai un antes e un despois. Esperar e ver. Polo de pronto nos meus cadernos hai material para escribir unha media ducia de textos, que non é pouco ■

Bruxelas, setembro 2009

3. "Porteiros xeneticamente modificados". Xa se deron de conta que o tipo morfolóxico é sempre o mesmo e as maneiras, xa se sabe, de macarra educado na confrontación.
4. Durante a nosa estadía, limos unha estatística atercedora, que falaba de que cada ano desaparecen en Berlín oito mil persoas ("pérdense" no senso de desaparecer das estatísticas, dos rexistros policiais ou de inmigración, das súas casas).
5. "Tripeiros", por "comedores de "tripas" ("callos"), é o nome que se dan a si mesmos os orixinais de Porto.
6. Título á súa vez emprestado dun dos capítulos do libro *Vista parcial da noite*, do escritor brasileiro Luiz Ruffato, de lectura feliz.